

A MIÑA ÚNICA FAMILIA (HARD TRUTHS)

1471

Mike Leigh, 2024

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2025 | V.O.S.E. | +12 | 97 min

Para Pansy a vida é unha loita constante. Chea de dor física e mental, discute coa familia, o dentista, a caixeira do súper... O seu marido Curtley hai tempo que non sabe como tratala. Só a súa agarimosa irmá Chantelle é quen de comprendela e axudala.

«Mike Leigh conmove cun demolidor retrato da depresión. Brillante interpretación de Marianne Jean-Baptiste»

Pepa Blanes, EL CINE DE LA SER



A MIÑA ÚNICA FAMILIA (HARD TRUTHS)

1471

Mike Leigh, 2024

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2025 | V.O.S.E. | +12 | 97 min

Para Pansy a vida é unha loita constante. Chea de dor física e mental, discute coa familia, o dentista, a caixeira do súper... O seu marido Curtley hai tempo que non sabe como tratala. Só a súa agarimosa irmá Chantelle é quen de comprendela e axudala.

«Mike Leigh conmove cun demolidor retrato da depresión. Brillante interpretación de Marianne Jean-Baptiste»

Pepa Blanes, EL CINE DE LA SER



O rostro fracturado da angustia

Por Luis Martínez

Émile Cioran, que para citadores compulsivos ou xornalistas sen ideas é unha mina, dicía que "non son os males violentos os que nos marcan, senón os males xordos, os insistentes, os tolerables, aqueles que forman parte da nosa rutina e furan meticulosamente como o tempo". Sen que sirva de precedente, pódese dicir que a cita é esta vez a atinada. É máis, diríase que a película *A miña única familia* (que en inglés atende a "Hard Truths", é dicir, duras verdades) é basicamente unha ilustración do pensado con toda seguridade nunha noite de insomnio polo pensador romanés. Nota mental: por que nunca se redactou unha égloga pastoril nunha madrugada en vela?

Mike Leigh, que desde a granítica *A traxedia de Peterloo* estreada en 2018 nada sabiamos del, decide romper o seu silencio cun estrondoso cataclismo que tamén é ao seu modo unha declaración de principios. A película está toda ela concibida como unha tormenta, como un exabrupto, como unha onda sen control que rompe contra un cantil. Soa tremendo e, en verdade, é aínda peor. E, con todo, o que conta non é tanto o ruído, como ese silencio diminuto que se abre paso xusto despois (ou un segundo antes, depende) do terremoto. Estamos seica, ante unha película de catástrofes como a dos anos 70? Pois, a verdade, un pouco si, aínda que todo discorra no aparentemente idílico escenario dunha área residencial londiniense.

Cóntase a historia dunha muller anoxada. Nada máis. A protagonista, á que dá vida unha imperial Marianne Jean-Baptiste, vive sen vivir nela. E sen esperar felicidade algunha. Habitada por unha dor tanto física como mental que a deixa sen respiración, a súa única maneira de relacionarse co mundo é mediante a máis tempestuosa das confrontacións. Increpa ao seu marido, humilla ao seu fillo, insulta á dentista, abusa da caixa do supermercado, arremete contra todo o que se cruza por diante... Só parece acougar, e non moito, coa súa irmá. O resto, se algo queda, é puro bramido.

Leigh non quere compoñer unha desas metáforas que tanto gustan aos cínicos. A súa idea non é facer coincidir no seu protagonista, a ira acumulada contra un mundo que deixou de quererse e de entenderse. Aínda que algo diso haxa. En verdade, toda a película traballa sobre a posibilidade de escapar. Lonxe da intención do director lanzarnos á cara un deses traballos cuxo única intención é maltratar aos personaxes para crear no espectador unha falsa e moi rancia sensación de superioridade. Non, o director quere que suframos con Marianne Jean-Baptiste e que con ela enxergamos, aínda que só sexa un instante, a luz entre tanta e desproporcionada cantidade de dor.

O responsable de traballos irrefutables como *Secretos e mentiras* (1996), que xa contaba con Marianne Jean-Baptiste, e *O segredo de Vera Drake* (2004) volve demostrar a súa profundidade e destreza para debuxar o rostro sempre fracturado da angustia. E este servivir non é tanto o produto dun tempo en concreto, como unha mancha que se estende por dentro ata corroelo todo; a mancha quizá do mesmo tempo, da vida sen máis.

Publicado en elmundo.es

O rostro fracturado da angustia

Por Luis Martínez

Émile Cioran, que para citadores compulsivos ou xornalistas sen ideas é unha mina, dicía que "non son os males violentos os que nos marcan, senón os males xordos, os insistentes, os tolerables, aqueles que forman parte da nosa rutina e furan meticulosamente como o tempo". Sen que sirva de precedente, pódese dicir que a cita é esta vez a atinada. É máis, diríase que a película *A miña única familia* (que en inglés atende a "Hard Truths", é dicir, duras verdades) é basicamente unha ilustración do pensado con toda seguridade nunha noite de insomnio polo pensador romanés. Nota mental: por que nunca se redactou unha égloga pastoril nunha madrugada en vela?

Mike Leigh, que desde a granítica *A traxedia de Peterloo* estreada en 2018 nada sabiamos del, decide romper o seu silencio cun estrondoso cataclismo que tamén é ao seu modo unha declaración de principios. A película está toda ela concibida como unha tormenta, como un exabrupto, como unha onda sen control que rompe contra un cantil. Soa tremendo e, en verdade, é aínda peor. E, con todo, o que conta non é tanto o ruído, como ese silencio diminuto que se abre paso xusto despois (ou un segundo antes, depende) do terremoto. Estamos seica, ante unha película de catástrofes como a dos anos 70? Pois, a verdade, un pouco si, aínda que todo discorra no aparentemente idílico escenario dunha área residencial londiniense.

Cóntase a historia dunha muller anoxada. Nada máis. A protagonista, á que dá vida unha imperial Marianne Jean-Baptiste, vive sen vivir nela. E sen esperar felicidade algunha. Habitada por unha dor tanto física como mental que a deixa sen respiración, a súa única maneira de relacionarse co mundo é mediante a máis tempestuosa das confrontacións. Increpa ao seu marido, humilla ao seu fillo, insulta á dentista, abusa da caixa do supermercado, arremete contra todo o que se cruza por diante... Só parece acougar, e non moito, coa súa irmá. O resto, se algo queda, é puro bramido.

Leigh non quere compoñer unha desas metáforas que tanto gustan aos cínicos. A súa idea non é facer coincidir no seu protagonista, a ira acumulada contra un mundo que deixou de quererse e de entenderse. Aínda que algo diso haxa. En verdade, toda a película traballa sobre a posibilidade de escapar. Lonxe da intención do director lanzarnos á cara un deses traballos cuxo única intención é maltratar aos personaxes para crear no espectador unha falsa e moi rancia sensación de superioridade. Non, o director quere que suframos con Marianne Jean-Baptiste e que con ela enxergamos, aínda que só sexa un instante, a luz entre tanta e desproporcionada cantidade de dor.

O responsable de traballos irrefutables como *Secretos e mentiras* (1996), que xa contaba con Marianne Jean-Baptiste, e *O segredo de Vera Drake* (2004) volve demostrar a súa profundidade e destreza para debuxar o rostro sempre fracturado da angustia. E este servivir non é tanto o produto dun tempo en concreto, como unha mancha que se estende por dentro ata corroelo todo; a mancha quizá do mesmo tempo, da vida sen máis.

Publicado en elmundo.es